



2. Actividades relacionadas coas plantas

2.1- Itinerario ambiental do río Miño

Descrición: Un itinerario non é so un paseo é, ademais, unha excelente experiencia lúdica e educativa de contacto directo co contorno e o seu descubrimento a través de todos os sentidos. Sen dúbida, é a mellor forma de gozar da nosa natureza máis achegada.

Este itinerario é unha marcha a carón do río Miño coa intención de visualizar as plantas máis características do noso ecosistema, onde tamén veremos varias plantas invasoras como é a mimosa e as canas, e tamén de descubrir a influencia do medio ambiente na saúde. Hai varias rutas de diferentes lonxitudes e con distinta dificultade polo que se elixirá a ruta segundo os asistentes.

Obxectivos: Trátase de valorar as zonas naturais da nosa cidade e da importancia que teñen e de fomentar actitudes respectuosas e activas coa natureza como son o uso deportivo, tan beneficioso para a saúde, entre outras.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Durante todo o ano, cunha duración de 3 horas e media, salvo interese expreso dos participantes por aproveitar a visita, ampliando actividades e contidos.

Achegas da concellería: Material de apoio

Colaboran: Turini Sport

Temporalización e duración: Unha semana do mes de Outubro en horario de tarde.

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.2- Coñece as árbores da túa cidade:

Descrición: esta actividade dividirase en dúas partes: unha teórica (dentro da Aula), e outra parte práctica cunha saída polos parques máis característicos da zona.

1ª SESIÓN: Esta parte é unha charla levada a cabo por un profesional na que explicará as características, e as distintas especies que nos imos atopar ao longo da saída realizada na segunda parte da actividade.

2ª SESIÓN: Esta parte da actividade é unha saída polos parques máis característicos da zona no que veremos as árbores explicadas anteriormente na Aula.

Obxectivos: Preténdese que os participantes aprendan a identificar as árbores de Ourense, tanto as que se atopan nos xardíns, como as da ribeira dos ríos. Fomento de actitudes respectuosas e activas co medio.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Unha semana en abril con horario da tarde.

Achegas da concellería: Persoal de apoio

Colaboran: D.Vicente Rodríguez Gracia (Botánico)

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.2- Curso de xardinaría

Descrición: Esta actividade consta dunha parte teórica e dunha parte práctica.

1ªSESIÓN: Conferencias sobre os principios básicos para deseñar e manter os xardíns respectuosos co medio ambiente: deseño, rego, fertilizado, acolchado, herbas, mantemento do céspede e a loita contra as pragas e as enfermidades máis frecuentes.

Un breve repaso á maquinaria que se utiliza en xardinaría.

Diferentes plantas decorativas típicas de xardín: camelias, rosas, azaleas, tulipáns...

2ªSESIÓN: Pasamos á parte práctica da actividade onde trataremos diferentes plantas de xardín: roseiras, camelias, tulipáns...

Obxectivos: Ter un coñecemento básico para deseñar e manter o xardín, aprender a facer boas podas, roces e clareos, así como tamén a manter un bo coidado das plantas ornamentais.

Dirixido a: Maiores de idade.

Temporalización e duración: Última semana de abril. Con horario de tarde.

Achegas da concellería: Material e persoal de apoio

Colaboran: Concellería de Medio Ambiente o Cegapse

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.4- Semana micolóxica

Descrición: Esta actividade consta dunha parte teórica en que un micólogo profesional dará unha serie de conferencias, nas que aprenderá a distinguir as distintas especies de setas, sobre todo diferenciar as especies comestibles das alucinóxenas, das velenosas e das mortais. Tamén falará sobre o terreo máis axeitado no que habitan as distintas especies de setas.

As conferencias irán acompañadas por unha saída ao campo, na que se observarán varias das especies antes explicadas.

Logo proporase unha serie de receitas para cociñar as setas.

Obxectivos: Preténdese que os participantes aprendan a diferenciar as especies de setas, así como tamén se aprenderán boas receitas para cociñalas.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Primeira semana de novembro con horario de tarde.

Achegas da concellería: Material e persoal de apoio

Colaboran: Asociación Os Cogomelos de Ourense.

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.5- Sesións formativas de castañas, setas e oliveiras

Descrición: Esta actividade consta de dúas partes:

1ªSESIÓN: Conferencias a cargo dun experto que exporá as características máis salientables destes produtos gastronómicos, a súa importancia ao longo da historia e os distintos usos que lle podemos dar e distintas formas de cociñalos.

2ªSESIÓN: Nesta sesión farase unha saída ao campo na que veremos os distintos produtos xa antes explicados.

3ª SESIÓN: Curso de artesanía

Obxectivos: Dar a coñecer a importancia histórica destes produtos gastronómicos para a nosa cidade, aprender distintas formas de manipulalos e diferentes receitas.

Dirixido a: Persoas de todas as idades.

Temporalización e duración: Penúltima semana de novembro con horario pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería: Material e persoal de apoio

Colaboran: D. Rafael Castro Vaamonde, Enxeñeiro Forestal
Responsable técnico da “Asociación de Produtores de Castaña de Conso-Frieiras”.

Coordenador do proxecto transnacional PROTERRA
Lluís Grau, Artesano

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.6- Semana enolóxica “CURSO DE INICIACIÓN Á CATA DE VIÑOS”

Descrición: Breve introducción ó mundo do viño, a súa cata, apreciación e harmonía cos diferentes alimentos. Curso eminentemente práctico con diversos obradoiros experimentáis para entrenar ós sentidos e coñecer as características dos viños de Galicia.

Obxectivos: O curso pretende que os/as alumnos/as adquiran os coñecementos básicos sobre a cata de viños, dende os mecanismos sensoriais que interveñen no proceso pasando pola elaboración do viño e concluindo na súa repercusión nas características finais do produto. Tamén se falará de harmonía entre viño e comida, centrando a exposición nos viños e na gastronomía de Galicia.

Temporalización: O curso de iniciación está programado para ter unha duración total de 6 horas, en dúas sesións de 3 horas , a partir das 19:30h.

Numero de asistentes: 15 (unha botella da para encher adecuadamente uns 15 ou 16 cataviños).

Medios e materiais:

Cataviños, 2 por persoa é suficiente

Cuspideiras, una para cada dúas persoas é suficiente, Cadeiras e mesas onde colocar os cataviños e cuspideiras, con fondo branco.

Boa luz e branca.

Un mínimo de 5 viños característicos por denominación de orixe.

Servilletas brancas.

Vasos de plástico brancos (un por persoa).

Picos de pan.

Pratos pequenos brancos de plástico.

Dirixido a: Maiores de idade.

Lugar: Aula da Natureza, Paseo fluvial de Oira.

Temporalización e duración: Segunda semana de novembro, con horario da tarde.

Achegas da concellería: Persoal de apoio e material

Colaboran: Don Manuel Castro inxeniero técnico Agrícola. Licenciado en ciencias de la tecnoloxía de los alimentos Enólogo en Viñacosteira

Tramitación de solicitudes: **Teléfono:** 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es



2.7 – Semana do Bonsai

Descrición: Esta actividade consta dunha parte teórica e outra parte práctica.

1ª SESIÓN: Nesta primeira sesión, que é a parte teórica, se explicará unha breve historia dos bonsai e como foi introducida en España.

Como elaborar un bonsai

Principais cuidados para os bonsais

As podas nos bonsais

Fertilizantes máis idóneos para os bonsais

2ª SESIÓN: Parte práctica, na que os asistentes farán os seus propios bonsais.

Obxectivos: Aprender a facer boas podas, roces e clareos, así como tamén a manter un bo cuidado das plantas ornamentais.

Dirixido a: Maiores de idade.

Temporalización e duración: Última semana de maio pola tarde.

Colabora: Jaime Parada, presidente da asociación de bonsáis de Ourense

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es